

NOVEMBRO  
2024



*Nestes días do mes de novembro celebramos a fe na lembranza dos seres queridos que nos foron precedendo no camiño da vida.*

*Dende esta páxina, queremos unha vez máis, recordar algunhas pequenas cousas que nos poden axudar a vivir con unha mellor fe esta realidade de morte e esperanza de Resurrección.*

## ***Que por insistir non sexa***

Ás veces, nos enterros, non o facemos de todo ben, e queremos aproveitar para recordar que non todos os momentos valen para dar o pésame.

É necesario deixar que a familia viva con certa intimidade, sen agobios, o momento da morte e despedida.

**CREMOS QUE NON É O MOMENTO DE DAR O PÉSAME, de verdade, NON O É...**


- cando a familia está saíndo do tanatorio para a igrexa
- cando a familia chega e entra na igrexa,
- cando na igrexa se vai a comulgar,
- cando a familia sae da igrexa camiño do cemiterio,
- cando se está no cemiterio procedendo ao enterro,
- cando a familia sae do cemiterio para volver ao seu fogar.

Todos temos claro que son momentos nos que hai que deixar tranquila a familia, e poderíamos facelo ben mellor.



### **ATENCIÓN DE CÁRITAS:**

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos os xoves día 14 e 28 de dez a doce da mañá.



"Un contiño para vivir""Dando a nota"

Algo que noto con frecuencia cando cantamos no coro é o "efecto contaxio": cando cantamos "piano", abonda con que alguén dea o ton máis alto para que os demais, a pouco que permanezan á escoita, e case sen decatarse, eleven o ton ata empastar coa nota correcta.

Tamén pode suceder o contrario: se algún dos compoñentes canta con moita forza e baixase o ton, arrastra aos que están ao redor, a menos que alguén estea moi firme e seguro.

Que poder de empuxe ten unha única persoa;


É realmente impresionante, porque da mesma maneira, a nosa vida pode contaxiar ás persoas que viven ao noso lado, converténdose en potentes instrumentos para elevar ou baixar "o ton" das nosas relacións cotiás entre amigos, familia ou veciños.

Que sorte poder desfrutar das persoas que enchen de alegría un ambiente ou que se entregan gratuitamente aos demais; e que sorte ver como, co tempo, todos ao seu arredor ven, con naturalidade, esa entrega coma un gran valor;

Tal vez será bo que empecemos a cantar, aínda que as veces desafinemos, afastando de nós o "non podo", ou "non son quen de facelo", ou "mellor o deixamos coma sempre".

A melodía da nosa vida pode que empece a cambiar cando creamos que somos quen de "DAR A NOTA".

Recorta ou  
debuxa,  
e coloca  
cada cal no  
seu lugar



**O SANTO  
PARA O  
MES,  
en novembro,  
o día 10: NOÉ**

É un nome de orixe hebrea que significa "manso, apracible, de longa vida, repouso, descanso".

No libro da xénese (na biblia) relátase a historia de Noé, o patriarca que construíu unha gran barca na que se salvou do diluvio el, a súa familia, e unha parella de cada animal da terra.

Despois do diluvio Deus fixo con el o pacto de que non volvería haber nada que exterminara a terra.

Na mitoloxía galega Noé é neto de Brigo, o primeiro poboador Da antiga Galiza.

CONSELLO



"A alma está no corpo  
coma un diamante en bruto;  
e debe ser pulida,  
ou nunca aparecerá o seu brillo"

Daniel Defoe (1660-1731)

# COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



## 13 de novembro día Mundial da Bondade



O día da bondade foi proclamado no ano 1998. É unha coalición de ONG de bondade de nacións que logrou incorporar a escolas de todo o mundo na celebración deste día, como parte do calendario escolar.

A bondade é definida como a tendencia do ser humano de facer o ben, sempre disposto a axudar a quen o necesita dunha

forma amable e xenerosa.

Dende o punto filosófico a bondade é un estado da **alma**.

A bondade forma parte da maioría das relixións e a súa doutrina, sendo esencial e indispensable axudar ao próximo de maneira desinteresada.



Aquí vos van dous exemplos de personaxes históricos de bondade: Nai Tereisa de Calcuta: Premio Nobel da Paz 1979 e beatificada, grazas polas súas accións a favor dos pobres na India.

Mahatma Ghandi: activista e político indio que loitou polos dereitos da poboación India mediante a resistencia pacífica e a non violencia.



Non importa como te vexas, a bondade convértete na persoa máis bonita do mundo.

A bondade é unha das calidades que reflexan a esencia humana. Practica algunha acción bondadosa neste mes de novembro, e se pode ser todo o ano.

## O Papa Francisco creará 21 novos cardenais o 8 de decembro.



Tras a oración mariana do Ángelus, o Papa lerá a lista dos purpurados, os novos cardenais, que creará na solemnidade da Inmaculada Concepción da Santísima Virxe María. Cinco deles proceden de Latinoamérica.

"A súa procedencia expresa a universalidade da igrexa que segue anunciando o amor misericordioso de Deus a todos os homes da terra. A súa inclusión na diocese de Roma manifesta, pois, o vínculo inseparable entre a Sede de Pedro e as Igrexas particulares do mundo".

## LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE NOVIEMBRE

|           |         |                |                                          |
|-----------|---------|----------------|------------------------------------------|
| DÍA<br>3  | LECTURA | Dt 6, 2-6      | Ama a Deus de corazón                    |
|           | EVANXEO | Mc 12, 28b-34  | O mellor é amar a Deus e ao próximo      |
| DÍA<br>10 | LECTURA | 1 Re 17, 10-16 | O compartir nunca merma                  |
|           | EVANXEO | Mc 12, 38-44   | A viuva compartiu do que tiña para vivir |
| DÍA<br>17 | LECTURA | Dan 12, 1-3    | Moitos espertarán para a vida            |
|           | EVANXEO | Mc 13, 24-32   | Xa está pretiño. Está a chegar           |
| DÍA<br>24 | LECTURA | Ap 1, 5-8      | Xesús Cristo é exemplo que merece fe     |
|           | EVANXEO | Xn 18, 33b-37  | Cristo Rei: amando e dando a vida        |